



ANUNCIO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA A BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. Expte 331/2026

Por decreto de alcaldía nº 2026-0392 de data 20/04/2026 e de acordo coas bases de selección e convocatoria para a bolsa de emprego temporal de traballador/a social mediante o sistema de oposición libre, publícase a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección para a creación da bolsa de emprego temporal, constitución do tribunal e data da fase de oposición.

Os acordos son os seguintes:

PRIMEIRO.- Analizada a documentación en relación as reclamacións presentadas en prazo e forma, comprobouse que os documentos aportados (Celga IV) son os requeridos na convocatoria, aceptándose ditas alegacións e considerándose válidos para acreditar coñecemento de galego, non estando por tanto estes aspirantes obrigados a realizar a segunda proba da fase de oposición (proba de coñecemento de galego).

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as á convocatoria para a creación da bolsa de emprego temporal de traballador/a social (persoal laboral temporal) mediante oposición libre:

Aspirantes admitidos/as:

NOME E APELIDOS	DNI ANONIMIZADO	CELGA
Ana María Fernández Villaverde	***9366**	SI
Beatriz Marina Filgueira Alvarez	***0355**	SI
Ana Penín Gestal	***0387**	SI
Lorena Lamas López	***4384**	SI
Alicia López Couceiro	***3832**	SI
Saray Pérez Vázquez	***9156**	SI
Francisco Javier Gómez González	***8633**	SI
Liliane Pereiro Esperante	***0212**	SI
Ana María Martínez Neira	***3513**	SI
Patricia de Azcárate Fernández	***8231**	NON
Beatriz Paz Rodríguez Navas	***8566**	SI
Emma García López	***2183**	SI
María Josefa Gil Rosende	***4289**	SI
Oscar Jose Rodríguez López	***4171**	SI
Rebeca Cano Ruiz	***5893**	SI
Violeta Vázquez Barreiro	***4899**	SI





Concello de Guitiriz

Aspirantes excluídos/as: non constan

Todos aqueles aspirantes nos que consta que teñen CELGA coa reseña "SI" (mínimo Celga 4) están exentos de efectuar a proba de coñecemento de galego, estando obrigados a facer a proba aqueles nos que consta que "NON" teñen CELGA.

TERCEIRO.- De conformidade coa base sexta da convocatoria (6.1.), artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado Público, désígnanse ós seguintes membros do tribunal do proceso selectivo :

Presidenta/e:

Titular: Inés María Vázquez Cebeira, Traballadora Social de SAF do Concello de Guitiriz.

Suplente: María Vázquez Picado, Terapeuta Ocupacional do Centro de Día "Casa Capataz" do Concello de Guitiriz.

Vogal 1^{o/a}:

Titular: Carmen Argiz Ledo, Traballadora Social do Concello de Guitiriz.

Suplente: Monica Iglesias Prego, Interventora do Concello de Guitiriz.

Vogal 2^{o/a}:

Titular: Rocío Fanego Miragaya, Educadora Familiar do Concello de Guitiriz.

Suplente: Olga Vázquez Rodríguez, Técnica de Turismo do Concello de Guitiriz.

Vogal 3^{o/a}:

Titular: Jose Cornide Rio, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Guitiriz.

Suplente: Ana Isabel Blanco Pazos, Técnica de Urbanismo do Concello de Guitiriz.

Secretaria/o:

Titular: Sandra Freire Del Valle, Técnica de Emprego e desenvolvemento local do Concello de Guitiriz.

Suplente: Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz,

A data de constitución do Tribunal será o día **27 de Abril de 2026 ás 8:30h** no Salón de Plenos do Concello de Guitiriz e a data de realización da fase de oposición (primeira proba: parte teórica e parte práctica e segunda proba: coñecemento de galego) será:

- **Data: 27/04/2026**
- **Hora:**
 - 1ª proba: parte teórica ás 11:00h.**
 - 1ª proba: parte práctica ás 12:15h.**
 - 2ª proba: coñecemento de galego ás 13:30h**
- **Lugar: Telecentro (detrás da Casa Habanera, Rúa do Concello, nº 42; Guitiriz)**

A primeira proba parte teórica (exercicio obrigatorio e eliminatorio) consiste en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas (máis 2 preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, sobre a totalidade dos temas





Concello de Guitiriz

relacionados do Anexo II das bases. Dita proba deberá realizarse nun tempo máximo de 1 hora. O exame cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas incorrectas e non contestadas non penalizarán. Os aspirantes que non superen esta parte teórica da proba xa non se lles correxirá a proba práctica que se indica a continuación.

A primeira proba parte práctica (exercicio obrigatorio e eliminatorio) consiste na realización dun ou varios supostos prácticos a desenvolver ou con preguntas tipo test, relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do tribunal sobre os temas relacionados no Grupo 2 do anexo II das bases. Dita proba deberá realizarse nun tempo máximo de 1 hora. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala.

A segunda proba: coñecemento de galego (sen puntuación, apto ou non apto). Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización o nivel de Celga 4 ou equivalente. Os/as aspirantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba. A proba consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, sendo eliminados aqueles/as aspirantes que non sexan declarados aptos.

Estas probas serán elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do comezo das mesmas.

Ao finalizar a proba as persoas aspirantes poderán levar unha copia do cuestionario / supostos da primeira proba.

CUARTO.- Publicar a presente resolución, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica (guitiriz.sedelectronica.gal) municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos (base 5.3).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
Maria Sol Morandeira Morandeira

